

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal
Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Florencio Delgado Gurriarán do
15/05/1955

Colección:

Data: 15/05/1955

De:

Valentín Paz-Andrade;

Para:

Florencio Delgado Gurriarán;

Orixe:

Bogotá (de distrito capital), Colombia (nacional), América (continental)

Destino:

Guadalajara [nac. México] (local), Jalisco (estatal), México (nacional)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografiada con firma autógrafa:]

Localización física:Arquivo familiar Paz Andrade

Temáticas:

Álbum de Galicia; Asuntos particulares; «Castelao» [poema];

Mencionados:

Castelao;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Florencio Delgado Gurriarán do 15/05/1955

[Bogotá] 15 mayo 1955

Sr. Don Florencio Delgado Gurriarán
Camarena, 160. Dpto. 4º
Guadalajara, Jalisco

Querido Florencio:

Fai hoxe tres meses que estóu en Colombia, asesorando como experto das Nacións Unidas, un pran de desenrolo pesqueiro. Non sei si no viaxe de retorno a Galicia, que penso emprender pol-a mesma data do mes que ven, teréi posibilidade de me deter algún día en México, como sería meu desexo.

Supóñote xa informado que, aproveitando uns días de descanso en San Miguel d'Outeiro, que pasamos antre unha e outra sahida american, recibimos a visita d-unha de tuas irmáns, a que lle din conta dos nosos contactos en Guadalaxara, procurando no posible dar satisfacción a súa sede de novas sobre vosoutros, que era moita. Ela atópase ben, mais parez que non ocorre o mesmo con a outra irmán, si ben coído que se non trata de cousa grave.

Agardo recibir esquí algúns exemprares do poema sobre Castelao, que imprimiu o Centro Gallego de Buenos Aires, coincidindo co quinto aniversario da morte. Terei moito pracer en adicarche un, que recibirás por correo, sempre que o envío se confirme, do que non teño eiquí moita seguranza. Non é preciso que che diga ren da miña disposición para trasmitir calquer encargo a túa familia, aproveitando o retorno. Aínda que tentéi falar con teu irmao na Cruña, non tuven sorte en atopalo cando alí fun. Penso que non tardará en repetirse a ocasión.

Transmite a miña mellor lembranza a Mares e Esturau, dos que conservo vivo recordo. Fai presente os meus saudos a tua dona, e con agarimos aos nenos, recibe unha cordial aperta do teu sempre bon amigo,

V. Paz-Andrade

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.